



ROGO SOBRE A URXENTE ACTUACIÓN PARA O REMATE DA ACOMETIDA ELECTRICA NAS PROXIMIDADES DO CEIP MONTE DOS POSTES

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Co remate do pasado curso escolar presentamos unha iniciativa para que o Goberno local levara a cabo varias actuacións de mellora na contorna do colexio público Monte dos Postes, tendo en conta a gran afluencia de persoas que transitan por aquela zona polo discorrer do Camiño Francés e, sobre todo, pola presenza do alumnado que a diario acode ao referido centro escolar.

Como vén sendo habitual, a práctica totalidade das demandas continúan sen atender, a pesar do tempo que levan nun estado lamentable, como é o caso da urbanización á altura da rúa Valiño e a praza interior á que se accede desde a rúa Belgrado.

Pero de entre as deficiencias que se sinalaron no seu día, existe unha que -se cabe-reclama unha maior atención e unha actuación de urxencia posto que se encontra nas proximidades da entrada do colexio público, na rúa Valiño. Trátase da acometida eléctrica a medio rematar que desde hai varios meses permanece na beirarrúa onde se sitúa unha marquesiña do transporte público e preto tamén dun paso de peóns.

Á vista desta situación, e tendo en conta o inicio do curso escolar e con el a presenza de nenos e nenas nas proximidades deste lugar, o Grupo Popular formula o seguinte **ROGO**:

Que por parte do correspondente órgano do Goberno municipal -sen prexuízo de abordar as deficiencias sinaladas hai varios meses no contorno do CEIP Monte dos Postes- se fagan as xestión necesarias para acometer de forma urxente o remate da acometida eléctrica que leva varios meses en situación provisional, comportando un perigo potencial polo elevado tránsito peonil e, especialmente, escolar nas proximidades da entrada do mencionado CEIP Monte dos Postes, na rúa Valiño.

Santiago de Compostela, a 12 de setembro de 2018

María Ángeles Antón Vilasánchez
Concelleira do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela

ANEXO FOTOGRÁFICO



Acometida eléctrica sen rematar preto da entrada do CEIP Monte dos Postes, na rúa Valiño